



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Anuncio de aprobación de bases e convocatoria de proceso selectivo, mediante sistema de concurso-oposición libre, para a cobertura dunha (1) praza de Oficial de Segunda e Tractorista (persoal laboral fixo), incluída na OEP correspondente ao ano 2023

Mediante Resolución da Alcaldía 548/2026 do 22/09/2026 acordouse:

“Primeiro: Convocar o procedemento selectivo, mediante o sistema de concurso-oposición libre, para a cobertura dunha (1) praza de Oficial de Segunda e Tractorista (persoal laboral fixo), incluída na OEP do ano 2023 (BOP núm. 243 do 22/12/2023).

Segundo: Aprobar as Bases que regularán o proceso selectivo e que se recollen como Anexo a esta Resolución.

Terceiro: Publicar a Convocatoria e Bases no Taboleiro Electrónico da sede electrónica do Concello de Lousame e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. Un extracto da convocatoria será publicado no Diario Oficial de Galicia e Boletín Oficial do Estado”

ANEXO

BASES ESPECÍFICAS PARA CUBRIR UNHA (1) PRAZA DE PERSOAL LABORAL FIXO (OFICIAL DE 2ª E TRACTORISTA), INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE LOUSAME PARA O ANO 2023 (BOP Nº 243 DO 22/12/2023)

BASE 1: OBXECTO DA CONVOCATORIA E RÉXIME XURÍDICO.

É obxecto das presentes bases a regulación da convocatoria e proceso selectivo, a través do procedemento de concurso-oposición, para a cobertura dunha (1) praza de persoal laboral fixo, denominada “Oficial de 2ª e Tractorista”, incluída na Oferta de Emprego Público do Concello de Lousame do ano 2023 (BOP 243 do 22/12/2023), identificada na Relación de Postos de Traballo co código 3108.

En todo aquilo que non estea previsto nestas Bases, será de aplicación:

- Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro (BOE núm. 261, do 31 de outubro de 2015), TREBEP
- Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado polo Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril (BOE núm. 96, do 22 de abril de 1986), TRRL
- Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local (BOE núm. 80 do 3 de abril de 1985), LRBRL
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (BOE núm. 123 do 23 de maio do 2015), LEPG
- Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (TRET)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro do 2015), LPAC
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público (BOE núm. 236, do 2 de outubro do 2015), LRXSP.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño polo que se establecen as regras básicas e os programas aos que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local.
- Restante normativa de desenvolvemento da lexislación indicada.

BASE 2: FUNCIÓNS E RETRIBUCIÓNS

As funcións a desenvolver polo/a traballador/a laboral fixo serán as establecidas na Relación de Postos de Traballo para o posto de Oficial de 2ª e Tractorista identificado co código 3108 (Anexo III), coas modificacións e adaptacións que se vaian producindo ao longo do tempo.

O aspirante seleccionado percibirá as retribucións básicas correspondentes ao Grupo V da Relación de Postos de Traballo (equivalente ás Agrupacións Profesionais-E do persoal funcionario) que se determinen legalmente, e as retribucións complementarias iguais ao posto que proceda ocupar, determinadas na Relación de Postos de Traballo.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

BASE 3: SISTEMA DE SELECCIÓN

Segundo o previsto no artigo 61.6 do TREBEP e conforme á Oferta de Emprego Público do ano 2023 (BOP 243 do 22/12/2023), o sistema de selección será o de concurso-oposición libre.

BASE 4: PUBLICIDADE

As bases do presente proceso selectivo serán publicadas integramente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no Taboleiro da sede electrónica do Concello de Lousame (<https://sede.lousame.es/opencms/es/informacion/>).

Publicarase un anuncio da convocatoria do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de anuncios electrónico do Concello. A dita convocatoria poderá ser simultánea á aprobación das bases de selección.

Procederase igualmente a publicar un extracto da convocatoria no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial do Estado.

Os anuncios sucesivos durante o desenvolvemento do proceso selectivo (*listaxe de admitidos/as, nomeamento do tribunal, convocatorias de exames, resultados das probas, citacións e emplacements aos aspirantes, ou calquera outra actuación do Tribunal Cualificador*) serán obxecto de publicación, unicamente, no Taboleiro da sede electrónica do Concello de Lousame (<https://sede.lousame.es/opencms/es/informacion/>), que actúa como medio exclusivo de notificación aos interesados de conformidade co previsto no artigo 45.1.b) da LPAC. Non obstante, se o Concello o estima oportuno, poderá utilizar, ademais, outros medios de comunicación e publicación.

Os anuncios relativos aos nomeamentos finais serán publicados na sede electrónica, Boletín Oficial da Provincia e Diario Oficial de Galicia.

BASE 5: REQUISITOS DE ADMISIÓN DE ASPIRANTES

1. Con carácter xeral, para ser admitidas no proceso selectivo, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, de acordo co establecido no artigo 56 do TREBEP:

- a) Ter a nacionalidade española. Tamén poderán participar, en igualdade de condicións que os españois:
 - a. Os nacionais de Estados membros da UE
 - b. O cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da UE, calquera que sexa a súa nacionalidade sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os descendentes menores de 21 anos ou maiores de dita idade que sexan dependentes.
 - c. As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola UE e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
 - d. As persoas aspirantes non residentes en España incluídas no apartado b), así como as persoas estranxeiras incluídas no apartado c), deberán acompañar á súa solicitude, documento que acredite as condicións que alegan.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza que se convoca.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- e) Posuír a titulación esixida.

De conformidade co artigo 43 da LEPG e da Relación de Postos de Traballo do Concello, non se esixe estar en posesión de ningunha das titulacións previstas no sistema educativo.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

f) Posuír o Carné de conducir tipo B (ou equivalente). A persoa aspirante debe estar en posesión do permiso de conducir da clase B (ou equivalente), en plena vixencia, e sen ningún tipo de limitación, á data de finalización do prazo de presentación da solicitude de participación.

g) Ter ingresado na Tesourería do Concello de Lousame a cantidade fixada como dereitos de exame, de conformidade coa base 6.^a das presentes bases.

h) Estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, do título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega correspondente CELGA 2.

En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, as persoas aspirantes que non acrediten o dito coñecemento da lingua galega, deberán realizar unha proba específica de coñecemento de lingua galega que en ningún caso computará como mérito. A proba cualificarase como apta ou non apta. No caso de que esta proba de coñecemento, non puntuable, sexa cualificada como non apta, a persoa candidata será excluída do proceso de selección.

2. Todos os requisitos sinalados no apartado anterior deberán posuílos as persoas aspirantes o día que remate o prazo para presentar as solicitudes, conservalos durante todo o proceso selectivo e mantelos até o momento da sinatura do contrato, como persoal laboral fixo, do Concello de Lousame.

BASE 6: DEREITOS DE EXAME

1. Será requisito necesario, para poder participar no proceso selectivo, aboar as taxas pola inscrición nas probas selectivas convocadas, segundo o establecido na Ordenanza Fiscal do Concello de Lousame reguladora da taxa (BOP núm. 206 do 23/10/2022), en función do grupo de clasificación da praza convocada. Deste xeito, o importe a aboar será o seguinte:

Denominación	Número	Grupo/Subgrupo	Código RPT	Taxa por dereitos de exame
Oficial de 2ª e Tratorista	1	AP - E	3108	5,00 €

2. A persoa solicitante aportará xunto coa súa instancia, a xustificación do pagamento da taxa.

3. A conta na que se poderá realizar o ingreso é a seguinte: ES90 2080 0381 0831 1000 0090. No concepto da transferencia debe indicarse o nome do aspirante, así coma o proceso no que participa.

Tamén se pode efectuar o pagamento a través da Oficina Virtual Tributaria do Concello de Lousame (https://sede.lousame.es/openscms/es/sobrelasede/oficina_virtual/).

4. En ningún caso a mera presentación e o pagamento dos dereitos de exame suporá substituír o trámite de presentación en tempo e forma da solicitude, segundo o disposto na base sexta.

5. Se o suxeito pasivo é unha das persoas ás que se refire o artigo 5.2 da Ordenanza Fiscal da Taxa por dereitos de exame, deberá achegar coa solicitude de participación, a documentación que no mesmo se indica (BOP núm. 206 do 23/10/2022) para gozar da redución do 100% da taxa:

"As taxas anteriores seralle de aplicación a seguinte redución: Do 100 por 100, naqueles supostos nos que o suxeito pasivo sexa unha persoa que figura como demandante de emprego, cunha antigüidade mínima de 6 meses, referida á data de publicación da convocatoria das probas selectivas de que se trate.

Para a aplicación desta redución, o suxeito pasivo deberá acreditar as circunstancias descritas no parágrafo anterior, mediante presentación de certificado de desemprego, emitido polo Instituto Nacional de Emprego ou, no seu caso, polo Servizo Rexional de Emprego que corresponda"

BASE 7: FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

1.- Para participar no proceso selectivo, as persoas aspirantes, no prazo e lugares sinalados no punto 5 desta Base 7ª, deberán solicitar a súa participación mediante o documento denominado "Solicitude de Participación" que se recolle como Anexo I a estas Bases, dirixido ao Alcalde-Presidente do Concello de Lousame.

2.- Xunto coa "Solicitude de Participación" debe achegarse a seguinte documentación:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.lousame.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concello delousame.com
concello delousame@concello delousame.com
C.I.F. P-1504300-c

- a) Xustificante do pagamento da taxa por dereitos de exame. Ou, de ser o caso, documentación xustificativa da redución do 100% da taxa por dereitos de exame, segundo o previsto na Base 6.5
- b) Copia do DNI ou documento equivalente.
- c) Copia do Carné de conducir
- d) Certificado CELGA 2 ou de ter superados os estudos conducentes á obtención da validación do nivel de competencia en lingua galega equivalente ao CELGA 2 segundo a Orde do 16/07/2007 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, modificada pola Orde do 10/02/2014; para aqueles aspirantes que desexen estar eximidos de realizar unha proba específica de coñecemento de lingua galega.
- e) Copia dos méritos para a súa valoración na fase de concurso.

3.- As copias que se acheguen non será necesario que sexan compulsadas, bastará a declaración responsable da persoa interesada sobre a autenticidade dos documentos así como dos datos que figuran na instancia, sen prexuízo de que o Tribunal ou órgano competente do Concello poidan requirir que os aspirantes acrediten a veracidade das circunstancias ou documentos aportados. Do mesmo xeito, no suposto de que existan dúbidas derivadas da calidade da copia, o Concello poderá solicitar o cotexo da documentación achegada co seu orixinal, para o que poderá requirir a exhibición do documento orixinal.

En todo caso, os interesados responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten, reservándose o Concello a facultade de exercer as medidas de esixencia de responsabilidade oportunas, no caso de falsidade na documentación achegada ou alegada.

Coa presentación de instancias entenderase que as persoas aspirantes aceptan e acatan as bases da convocatoria.

Os datos persoais incluídos na solicitude de participación serán tratados unicamente para a xestión do proceso selectivo, é dicir para a práctica das probas de selección e as comunicacións que deban realizarse. Cando sexa necesario publicar un acto administrativo que conteña datos persoais publicarase da forma que determina a disposición adicional sétima da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. O Concello será o responsable do tratamento destes datos.

4.- Os aspirantes con discapacidade poderán solicitar as necesidades específicas de adaptación e axuste de tempo e medios que consideren oportunas, para participar nas probas selectivas, en condicións de igualdade.

Para isto, farán constar na solicitude o seu tipo de discapacidade e as posibles adaptacións que precisen para participar nas probas selectivas.

A adaptación de tempos consistirá na concesión dun tempo adicional para a realización dos exercicios e levarase a cabo de conformidade co disposto na Orde PJC-804/2025, de 23 de xullo, pola que se establecen os criterios xerais para a adaptación de medios e tempos e a realización doutros axustes razoables nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

Para a concesión ou denegación das solicitudes de adaptación, o Tribunal de selección deberá ter en conta que as mesmas non desvirtúen o contido do exercicio, nin impliquen redución nin menoscabo da suficiencia esixible para superar o proceso selectivo; así como que a adaptación garde relación directa co formato do exercicio a realizar. Aos efectos de motivar a correspondente decisión, o Tribunal poderá solicitar o correspondente informe ao órgano correspondente da Xunta de Galicia.

5.- O prazo de presentación de instancias será de vinte (20) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial do Estado; toda vez que se teñan publicadas as Bases reguladoras no Taboleiro Electrónico e Boletín Oficial da Provincia e anuncio de convocatoria no Taboleiro Electrónico, Boletín Oficial da Provincia e Diario Oficial de Galicia. Se o derradeiro día fose inhábil, o prazo rematará ao seguinte día hábil seguinte.

6.- As instancias serán presentadas no Rexistro Xeral do Concello de Lousame (Praza Teodomiro Hidalgo, 1. 15214 – Lousame, A Coruña), de xeito telemático na sede electrónica do Concello de Lousame (<https://sede.lousame.es/sxc/es>) ou por calquera dos procedementos que prevé o artigo 16 da LPAC.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

No caso de que se remita a documentación por correo postal ou mediante presentación no rexistro doutra Administración que careza de Sistema de Intercambio de Rexistros (SIR), deberá facelo constar mediante a remisión, por correo electrónico, ao Concello de Lousame (arturo.barreiro@concellodelousame.gal) da instancia presentada conforme ao modelo do Anexo I das presentes bases, onde conste o selo, coa data de presentación, que deberá ser recibido, antes da finalización do prazo para presentación de instancias.

BASE 8: ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución, relativa á:

- 1.- Lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, indicando os motivos da exclusión.
- 2.- Concesión dun prazo de 10 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación da Resolución, para emendar as deficiencias ou presentar as alegacións que se estimen oportunas contra a Lista provisional.
- 3.- A designación do Tribunal Cualificador.
- 4.- Lugar e data de realización da primeira proba.

Esta resolución será publicada no Taboleiro da sede electrónica do Concello de Lousame (<https://sede.lousame.es/opencms/es/informacion/>).

As emendas deben estar referidas exclusivamente á documentación existente e con data anterior á finalización do prazo de presentación de solicitudes de participación. No caso concreto das taxas por dereito de exame, só caberá a emenda de ter realizado o ingreso durante o citado prazo de presentación de instancias e non se achegase o xustificante de telo realizado, non admitíndose o ingreso da taxa (no caso de que así proceda) nun momento posterior á data de finalización do prazo de presentación de instancias.

Transcorrido o prazo de emenda, a Alcaldía aprobará a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas, que se publicará no Taboleiro da sede electrónica do Concello de Lousame.

No caso de non existir aspirantes excluídos, poderase elevar a definitiva a listaxe provisional na mesma resolución, dando inicio ao proceso selectivo.

O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza ós aspirantes posuíren os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que os aspirantes admitidos superen as probas selectivas.

Contra a Resolución da Alcaldía aprobando a lista definitiva poderán interpoñerse, alternativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da publicación, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do contencioso administrativo de A Coruña no prazo de dous meses, segundo os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPACAP) e o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición contencioso-administrativa. Todo isto, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen oportuno.

BASE 9: TRIBUNAL CUALIFICADOR

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home. O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningún.

O número dos membros dos tribunais nunca será inferior a cinco. Así mesmo, a súa composición será predominantemente técnica e os/as vogais deberán posuír titulación ou especialización iguais ou superiores ás esixidas para o acceso ás prazas convocadas. Así, a súa composición mínima será a seguinte:

- Presidencia: Funcionario de carreira ou Persoal Laboral Fixo pertencente ao grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada (ou quen legalmente o substitúa)
- Secretaría: A da Corporación ou funcionario de carreira da Administración.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

- Vogais: Tres funcionarios de carreira ou Persoal Laboral Fixo pertencentes ao grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada (ou quen legalmente os substitúa)

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Así mesmo, os/as interesados poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada norma.

O Tribunal Cualificador enténdese validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos seus membros e, en todo caso, a Presidencia e a Secretaría do Tribunal. Sempre que así o acorde o Tribunal Cualificador, no caso de ser necesario a realización dalgún sorteo de desempate ou para a pública apertura dos sobres cos códigos identificativos dos aspirantes, estas sesións do Tribunal poderanse realizar coa soa presenza de como mínimo dous membros do Tribunal (Presidencia e Secretaría).

De conformidade co previsto no artigo 17 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público o tribunal poderase constituír, convocar, celebrar as súas sesións, adoptar acordos ou remitir actas tanto de forma presencial como a distancia. Nas sesións que celebre a distancia os seus membros poderán atoparse en distintos lugares sempre e cando se asegure por medios electrónicos, considerándose tamén tales os telefónicos e audiovisuais, a identidade dos membros ou persoas que as suplan legalmente, o contido das súas manifestacións, o momento nas que estas se produzan, así como a interactividade e intercomunicación en tempo real entre eles e a dispoñibilidade dos medios durante a sesión.

O Tribunal poderá dispor a incorporación ao seu labor no proceso selectivo de asesores especialistas, para aqueles aspectos concretos do proceso selectivo debido á especialización técnica do traballo a realizar. A súa función circunscríbese a un mero asesoramento, é dicir actúan con voz, pero sen voto, non participan na toma de decisións do Tribunal. Os asesores deberán gardar sxiilo e confidencialidade acerca dos datos e asuntos sobre os que teñan coñecemento a consecuencia da súa colaboración no Tribunal.

O Tribunal poderá designar persoal colaborador para o desenvolvemento do proceso de selección, que actuará baixo a súa dirección, cando a complexidade do dito proceso selectivo o aconselle.

Para os efectos de percepción de indemnizacións por asistencia como membros dos tribunais, estes terán a categoría que lles corresponda, segundo o establecido no Real Decreto 462/2002, do 24 de marzo.

BASE 10: FASE DE CONCURSO-OPOSICIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROCESO

10.1. FASE DE OPOSICIÓN (MÁXIMO DE 60 PUNTOS)

10.1.A Desenvolvemento da fase de oposición

A fase de oposición constará de dous exercicios, cada un deles eliminatorios, de tal xeito que non poderán pasar ao seguinte exercicio, aqueles aspirantes que non alcancen a cualificación mínima establecida para cada un deles.

Os exercicios practicaranse nun chamamento único, sendo excluído do proceso selectivo quen non compareza, calquera que sexa a causa, salvo previsión normativa específica de rango superior. O chamamento para o inicio das probas realizarase por orde alfabética do primeiro apelido de cada un dos aspirantes.

Os aspirantes deben acreditar a súa identidade coa exhibición do DNI ou pasaporte.

O Tribunal adoptará as medidas necesarias para garantir que o exercicio escrito que sexa directamente corrixido polo Tribunal, se faga sen coñecer a identidade dos aspirantes. O Tribunal excluírá a aqueles candidatos en cuxos exercicios figuren marcas ou signos que permitan coñecer a súa identidade.

O Tribunal, unha vez efectuada a corrección do exercicio, e publicado o resultado, procederá á apertura dos sobres pechados que permitan asociar a cada aspirante co seu código de identificación.

Con carácter xeral, nos exercicios da fase de oposición, terase en conta as normas de dereito positivo relacionadas no temario que estean en vigor no momento da realización de cada exercicio.

Coa finalidade de respectar os principios de publicidade, transparencia, obxectividade e seguridade xurídica, o Tribunal





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

cualificará os exercicios dos aspirantes de acordo cos criterios de corrección e baremos de puntuación establecidos nestas Bases.

Os aspirantes poderán presentar reclamacións ante o Tribunal de Selección, cada vez que finalice unha valoración ou proba e esta sexa publicada no Taboleiro da sede electrónica do Concello de Lousame. Esta circunstancia farase constar no anuncio de publicación correspondente. En todos os casos, disporase dun prazo de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación.

10.1.B Exercicios da Fase de Oposición

PRIMEIRO EXERCICIO. CUESTIONARIO TIPO TEST. MÁXIMO DE 20 PUNTOS.

De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá na resolución por escrito, nun tempo máximo de 90 minutos, dun cuestionario tipo test.

Este exercicio consiste en responder un cuestionario tipo test de 40 preguntas (con 4 preguntas de reserva), con tres respostas alternativas, da que só unha será a correcta, e que gardarán relación coas materias comprendidas no programa que figura como Anexo II das Bases.

Este cuestionario será cualificado de 0 a 20 puntos, cun máximo de 2 decimais. Os aspirantes deben obter un mínimo de 10 puntos para entendela superado. Cada resposta correcta obterá unha puntuación de 0,50 puntos. Cada resposta incorrecta restará 0,10 puntos. As respostas en branco, non terá penalización.

As preguntas de reserva deberán ser contestadas polas persoas aspirantes e serán utilizadas para substituír aquelas preguntas do exame que, de ser o caso, fosen anuladas polo Tribunal, previo acordo motivado ao respecto. Neste suposto, a pregunta anulada do exame inicial terase por non formulada e será substituída pola primeira pregunta de reserva. E así, sucesivamente, seguindo a orde correlativa, no caso de que houberse máis dunha anulación.

De esgotarse as preguntas de reserva, e existir máis anulacións, o exame quedaría composto polas preguntas non anuladas, distribuíndose a puntuación total do exame (20,00 puntos) entre o número de preguntas válidas. As normas de puntuación serán as mesmas, pero axustándoas (cun máximo de 2 decimais) para manter a proporcionalidade orixinal.

Para realizar o cuestionario tipo test os aspirantes non poderán utilizar ningún documento de consulta, nin medios dixitais ou telemáticos. Non se permite empregar lapis para a realización do cuestionario, debendo empregarse necesariamente bolígrafo de cor azul ou negra.

SEGUNDO EXERCICIO. PROBAS PRÁCTICAS. MÁXIMO DE 40 PUNTOS.

De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá na execución dunha ou varias probas prácticas relacionadas coas funcións asignadas ao posto de traballo que de seguido se indican, debendo ser executadas no tempo e forma que o Tribunal determine, con carácter previo ao inicio das probas prácticas:

- Condución e manexo de vehículos lixeiros e diversa maquinaria de obra pública para levar a cabo as súas funcións.
- Labores de oficios especializados: albanería, fontanería, carpintería, xardinería e electricidade.
- Labores de mantemento das instalacións e redes de servizos municipais (vías públicas, sumidórios, alumeado, etc)

Este segundo exercicio será cualificado de 0 a 40 puntos, cun máximo de 2 decimais. Os aspirantes deben obter un mínimo de 20 puntos para entendela superado.

TERCEIRO EXERCICIO

A súa finalidade é avaliar o coñecemento do galego polos aspirantes. Consistirá na realización dunha proba escrita ou oral, a decisión do Tribunal, co fin de avaliar, a expresión oral en galego do/a aspirante, nun tempo máximo de 30 minutos.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Terá carácter obrigatorio, e eliminatorio, agás para aqueles opositores que na solicitude de admisión no proceso selectivo declarasen estar en posesión do certificado CELGA nivel 2 ou de ter superados os estudos conducentes á obtención da validación do nivel de competencia en lingua galega equivalente ao CELGA 2 segundo a Orde do 16 de xullo de 2007 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, modificada pola ORDE do 10 de febreiro de 2014, ou estar en condicións de obtelos coma máximo á data de remate de presentación de instancias.

O exercicio será cualificado de apto ou non apto. Serán eliminados aqueles aspirantes que sexan cualificados de non aptos.

Corresponderá ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar a cualificación de aptos.

RESULTADO DA FASE DE OPOSICIÓN

O resultado definitivo de cada aspirante na fase de oposición será o resultado da suma das puntuacións outorgadas polo tribunal en cada un dos exercicios que compoñen a fase de oposición.

10.2. FASE DE CONCURSO (MÁXIMO DE 40 PUNTOS)

Na fase de concurso será valorada a posesión de experiencia profesional e formación específica dos aspirantes.

Só serán baremados aqueles méritos dos aspirantes que superaron a fase de oposición.

10.2.A Desenvolvemento da fase de concurso. Valoración, emenda e aclaración.

Valoración

Todos os méritos que se pretendan facer valer nesta fase, deberán posuírse á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes e ser debidamente alegados e xustificados documentalmente polas persoas aspirantes dentro do dito prazo inicial.

Non será baremado ningún mérito que non conste na solicitude de participación, no momento do peche do prazo de inscrición ás probas selectivas.

Prazo de emenda de defectos formais

Tras a publicación da valoración provisional de méritos da fase de concurso, abrirase un prazo improrrogable de 5 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación no Taboleiro da sede electrónica, para que as persoas interesadas poidan formular as reclamacións, aclaracións ou emendas que estimen oportunas. Este trámite cinguirase única e exclusivamente á emenda de **defectos formais** dos documentos ou méritos que fosen alegados no prazo de presentación de solicitudes.

Facultade de aclaración do órgano de selección

O Tribunal Cualificador terá a facultade de requirir, en calquera momento do proceso selectivo, as aclaracións ou a documentación orixinal complementaria que considere necesarias para comprobar a veracidade, vixencia ou equivalencia dos méritos alegados. A falta de atención deste requirimento de aclaración dentro do prazo outorgado polo Tribunal, suporá a non baremación do mérito afectado.

Aspectos non emendables e exclusións

De conformidade cos principios de igualdade, mérito e capacidade, o trámite de emenda ou facultade de aclaración, non poderán ser utilizados, en ningún caso, para:

- Alegar ou incorporar novos méritos non incluídos na solicitude inicial de participación.
- Achegar documentos que acrediten méritos que fosen totalmente omitidos no prazo inicial de presentación de solicitudes.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

- Acreditar méritos adquiridos con posterioridade á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes de participación.

A presentación de nova documentación, que non responda a un estrito defecto formal no xeito de acreditar un mérito alegado na solicitude de participación, será rexeitada polo Tribunal, e carecerá de calquera efecto baremable.

10.2.B Experiencia profesional (máximo de 20 puntos)

Valoraranse os servizos efectivos prestados, até a data de publicación no BOE da convocatoria, conforme ao seguinte baremo:

- Por cada mes traballado na *empresa privada*, a xornada completa, realizando tarefas directamente relacionadas co posto de traballo ao que se opta: 0,20 puntos, até un máximo de 20 puntos.
- Por cada mes traballado na *Administración Pública e Sector Público*, a xornada completa, por calquera tipoloxía de vínculo funcional ou laboral, realizando tarefas directamente relacionadas co posto de traballo ao que se opta: 0,40 puntos, até un máximo de 20 puntos.

Normas de valoración da experiencia profesional:

1. Calcularase o número total de días correspondentes aos distintos nomeamentos ou contratos computables. Dividiranse entre trinta (30) e multiplicaranse por 0,20 ou 0,40, segundo corresponda. De tal xeito, que unicamente se valorará a ratio enteira, depreciándose os decimais.
2. No caso de servizos prestados en xornadas inferiores á completa, serán valorados proporcionalmente á xornada prestada. A título de exemplo:
Se o mes completo, a xornada completa: 0,40 puntos.
Mes completo a xornada parcial (50%): $1 \times (50\% \text{ de } 0,40) = 0,20$ puntos.
Mes completo a xornada parcial (30%): $1 \times (30\% \text{ de } 0,40) = 0,12$ puntos.
3. A puntuación global máxima neste apartado será 20 puntos.
4. Non computarán os servizos prestados en réxime de persoal eventual. Non se computarán os servizos prestados simultaneamente con outros igualmente alegados.
5. A definición do que se entende por Administración Local, Administración Pública e resto do Sector Público, ven determinada polo artigo 2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e artigo 3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
6. Forma de acreditación da experiencia profesional: Deberán achegarse conxuntamente os seguintes documentos:
 - a) Informe de vida laboral actualizado, expedido pola Seguridade Social e
 - b) Certificado da entidade contratante (pública ou privada) ou copia dos contratos de traballo. No caso de non existir data de finalización da vinculación, valoraranse os servizos efectivos prestados, até a data de publicación no BOE da convocatoria.
7. A documentación acreditativa dos servizos realizados deberá achegarse antes do remate do prazo de presentación de solicitudes.

10.2.C Cursos de Formación Específica (máximo de 20 puntos)

Por cada curso de formación directamente relacionado coas funcións propias do posto de traballo a desenvolver, impartidos por Administracións Públicas, Organismos da Administración, Institucións Públicas ou debidamente homologados por estas, a razón de 0,20 puntos por hora de formación, até un máximo de 20 puntos.

Non serán obxecto de valoración:





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

- Cursos promovidos por empresas privadas, se non se xustifica a homologación pola Administración Pública.
- Cursos nos que, da documentación achegada, non poida comprobarse as horas de duración.
- Asistencia a congresos, seminarios, simposios, xornadas e similares.
- Cursos de idiomas ou de informática.

A acreditación da realización dos cursos farase achegando copia do diploma ou certificado do curso realizado.

A documentación acreditativa da formación deberá achegarse antes do remate do prazo de presentación de solicitudes.

10.3 CUALIFICACIÓN FINAL

A cualificación definitiva de cada aspirante no concurso-oposición será o resultado da suma das puntuacións outorgadas polo Tribunal na fase de oposición e na fase de concurso.

Despois de rematar o concurso-oposición, o Tribunal propondrá como aspirante a ser contratado como persoal laboral fixo do Concello, para o posto de Oficial de 2ª e Tratorista (código RPT 3108) ao aspirante que obtivera a maior puntuación de acordo co sinalado no parágrafo anterior. Este aspirante será o único que supere o proceso selectivo.

O Tribunal non poderá en ningún caso declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao das prazas convocadas. Calquera proposta do Tribunal que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

No caso de empate na puntuación dos aspirantes, terá preferencia:

- 1.- O aspirante que acadase unha maior puntuación no exame de carácter práctico (segundo exercicio da fase de oposición)
- 2.- De persistir o empate, o aspirante que acadase unha maior puntuación no exame tipo test (primeiro exercicio da fase de oposición).
- 3.- De persistir o empate, o aspirante que acredite unha maior experiencia profesional (primeiro mérito da fase de concurso)
- 4.- Se pese a isto, persistise o empate, resolverase mediante sorteo público ante, como mínimo, dous membros do Tribunal (Presidencia e Secretaría)

BASE 11: RELACIÓN DE PUNTUACIÓNS. PROPOSTA DE ASPIRANTE A SER CONTRATADO COMO PERSOAL LABORAL FIXO. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS

1.- Finalizado o proceso selectivo, o Tribunal fará pública, mediante anuncio no Taboleiro da sede electrónica do Concello de Lousame, a relación das puntuacións dos aspirantes, ordenados en función da cualificación final obtida por cada un deles, segundo o regulado na Base 10. Esta relación incluírá a proposta á Alcaldía de contratación como persoal laboral fixo en favor do aspirante que obtivera a maior cualificación final. A proposta do Tribunal ten carácter vinculante para a Alcaldía.

A persoa aspirante proposta polo Tribunal para ser contratada como persoal laboral fixo, deberá achegar, no prazo máximo de 10 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación á que se refire o parágrafo anterior, a seguinte documentación:

- 1.- Orixinal ou copia cotexada do DNI
- 2.- Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no seu Estado, o acceso ó emprego público.
- 3.- Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da sinatura do contrato como persoal laboral fixo (equivalente á toma de posesión dun funcionario)
- 4.- Orixinal ou copia cotexada do documento acreditativo do coñecemento da lingua galega, que o eximira de realizar as probas de coñecemento da mesma.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

- 5.- Orixinal ou copia cotexada dos méritos alegados e baremados polos Tribunais.
- 6.- Orixinal ou copia cotexada do carné de conducir tipo B.
- 7.- Comunicación do número de afiliación á Seguridade Social.
- 8.- Certificación do número de conta bancario expedido pola entidade bancaria, aos efectos de ingresos dos haberes mensuais.

2.- No mesmo prazo sinalado para a presentación da documentación ou noutro que lle indique o Concello, o aspirante seleccionado someterase a recoñecemento médico polos servizos do Concello, para acreditar que non padece enfermidade ou defecto físico nin psíquico que impida o desempeño das correspondentes funcións.

3.- Os aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo da compatibilidade co desenvolvemento das tarefas e funcións correspondentes.

4.- A persoa proposta que dentro do prazo indicado (*salvo casos de forza maior debidamente acreditados e xustificados*) non presentase a documentación, ou non se sometese ao recoñecemento médico, ou da documentación presentada se deducise que carece dalgún dos requisitos esixidos nas Bases, no poderá ser contratada como persoal laboral fixo, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incorrer por falsidade na súa solicitude de participación.

De darse estes supostos, e co fin de asegurar a cobertura da vacante, aos efectos do disposto no artigo 61.8 do TREBEP, o Tribunal outorgará un novo prazo de 10 días naturais, para que o seguinte aspirante por orde de puntuación na Cualificación Final achegue a documentación correspondente para proceder á súa contratación como persoal laboral fixo.

BASE 12: NOMEAMENTO E CONTRATACIÓN COMO PERSOAL LABORAL FIXO

Concluído o proceso selectivo, e achegada a documentación necesaria, o aspirante seleccionado, será nomeado pola Alcaldía para ser contratado como persoal laboral fixo.

A resolución de nomeamento deberá ser notificada ao interesado, que deberá asinar o contrato de traballo dentro do prazo máximo e improrrogable de 1 mes, a contar dende a recepción da notificación.

A estes efectos, e para poder proceder á súa alta na Tesourería Xeral da Seguridade Social, deberá presentar comunicación ante o Concello de Lousame indicando o día concreto no que asinará o contrato dentro do prazo anterior. Esta comunicación debe facerse, como mínimo, con 2 días hábiles de antelación ao día no que pretenda asinar o dito contrato.

De igual xeito, ordenarase a publicación do nomeamento no Taboleiro da sede electrónica, no Boletín Oficial da Provincia e Diario Oficial de Galicia, co réxime de recursos que proceda.

BASE 13: INCOMPATIBILIDADES

Os aspirantes nomeados quedarán suxeitos ao cumprimento das prescricións contidas na Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas e demais normativa aplicable.

BASE 14: RECURSOS

Contra a Resolución da Alcaldía que aprobe as presentes bases, e cantos actos administrativos deriven das mesmas, que poñan fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo, no prazo de dous (2) meses contados dende o día seguinte ao da publicación das mesmas, segundo o art. 46.1 da Lei 29/1998 de 13 de xullo da xurisdición contencioso-administrativa. Así mesmo, poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición, ante o Alcalde-Presidente, no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación das bases (artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas). No caso de que se interpoña o recurso potestativo de reposición, até que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo (artigo 123.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Administracións Públicas). Transcorrido o prazo de un (1) mes desde a interposición do recurso de reposición sen que se teña recibido notificación da resolución do mesmo, este poderá entenderse desestimado conforme ao previsto no artigo 24.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. E todo isto sen prexuízo do dereito dos interesados a formular calquera outro recurso que se considere pertinente.

Sen prexuízo do anterior, as solicitudes de revisión dos exames polos aspirantes, poderán ser presentadas no prazo máximo de 5 días hábiles a contar dende a publicación do anuncio das cualificacións da proba. Estas solicitudes serán resoltas polo Tribunal de Selección no prazo máximo de 1 mes a contar dende a súa presentación.

Do mesmo xeito, tras a publicación da valoración provisional de méritos da fase de concurso, abrirase un prazo improrrogable de 5 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación no Taboleiro da sede electrónica, para que as persoas interesadas poidan formular as reclamacións, aclaracións ou emendas que estimen oportunas. Estas solicitudes serán resoltas polo Tribunal de Selección no prazo máximo de 1 mes a contar dende a súa presentación.

Ademais, contra os acordos, actas e valoracións realizadas polo Tribunal de Selección cabe interpoñer recurso de alzada no prazo de un (1) mes a contar desde a publicación ou notificación do acordo, de conformidade co previsto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante a Alcaldía-Presidencia da Corporación. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de alzada será de tres (3) meses. Transcorrido este prazo sen que recaia resolución, poderase entender desestimado o recurso conforme o previsto no artigo 122.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Contra a resolución dun recurso de alzada non caberá ningún outro recurso administrativo, agás o extraordinario de revisión, nos casos establecidos no artigo 125.1 da mesma Lei.

ANEXO I: MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

Nome: _____
Apelidos: _____
DNI/NIE: _____
Domicilio: _____

Dirección Electrónica Habilitada (*só cubrir no suposto de que desexa que as notificacións lle sexan practicadas de xeito telemático*): _____

EXPÓN:

- 1.- Que tivo coñecemento da convocatoria para a provisión, en propiedade, dunha posto de **Oficial de 2ª e Tractorista** (persoal laboral fixo), segundo as bases publicadas no BOP de data _____.
- 2.- Que estou na posesión de todos e cada un dos requisitos de admisión esixidos na Base 5ª para participar no presente proceso selectivo e, no caso de superalo, comprométome á sinatura do contrato como persoal laboral fixo.
- 3.- Que coñezo e acato incondicionalmente as bases que rexen o presente proceso selectivo.
- 4.- Que estou en posesión do carné de conducir tipo B (*ou en condicións de obtelo á data de remate da presentación de solicitudes*), con plena vixencia e sen ningún tipo de limitación.
- 5.- Declaro responsablemente que os documentos dos que achego copia son auténticos, así como os datos que figuran neste documento.
- 6.- Que coñezo e acato que os anuncios, tras a convocatoria do proceso selectivo, serán obxecto de publicación unicamente no Taboleiro da sede electrónica do Concello de Lousame, que actúa como medio exclusivo de notificación aos interesados, de conformidade co previsto no artigo 45.1.b) da LPAC.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Polo exposto, **SOLICITO:**

1.- Ser admitido/a ao correspondente proceso selectivo, achegando para estes efectos, a seguinte documentación:

(cubrir cunha X o que proceda)

- ☐ Xustificante do pagamento da taxa por dereitos de exame (5,00 €)
- ☐ Documentación xustificativa da redución do 100% da taxa por dereitos de exame
- ☐ Copia DNI (ou documento equivalente)
- ☐ Certificado CELGA 2 ou de ter superados os estudos conducentes á obtención da validación do nivel de competencia en lingua galega equivalente ao CELGA 2 segundo a Orde do 16/07/2007 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, modificada pola Orde do 10/02/2014.

2.- Adaptación de medios para a realización de exercicios por motivos de discapacidade (marque se procede):

- ☐ Si
- ☐ Certificación acreditativa do grao de discapacidade

3.- Solicito que se proceda á baremación dos seguintes méritos na fase de concurso:

3.1.- Méritos relativos á experiencia profesional:

Entidade contratante	Obxecto do contrato	Duración

Para acreditar estes méritos achego:

- ☐ Informe de vida laboral actualizado, expedido pola Seguridade Social
- ☐ Certificado da entidade contratante ou copia dos contratos de traballo.

3.2.- Méritos relativos á formación específica:

Entidade que imparte o curso	Título do curso	Horas de Duración





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Para acreditar estes méritos achego copia de:

☐ Diploma ou certificado que acredite a realización/superación do curso.

Ademais, **autorizo** coa miña sinatura a cesión dos datos contidos na presente “solicitud de participación” e na documentación que se acompaña ao Concello de Lousame, con dirección na Praza Teodomiro Hidalgo, 1. 15214 Lousame (A Coruña), a fin de que o Concello poida utilizalos para todos os trámites relacionados directa ou indirectamente co presente proceso de selección, así como para a xestión administrativa do mesmo. Do mesmo xeito autorizo ao Concello de Lousame á conservación dos datos facilitados mentres non se solicite a supresión dos mesmos e, en todo caso, durante o tempo necesario para dar cumprimento ás obrigas administrativas derivadas do presente proceso de selección.

Lugar e data.

Sinatura da persoa solicitante.

ANEXO II: TEMARIO

Parte xeral:

Tema 1.- A Constitución Española de 1978. Estrutura e principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais dos españois. A organización do Estado. O Estatuto de Autonomía de Galicia.

Tema 2.- O réxime local: Administración Local na Constitución. O principio de autonomía local y suficiencia financeira.

Tema 3.- O Municipio: concepto e elementos.

Tema 4.- A organización municipal. Órganos necesarios e competencias: O Alcalde, Tenentes de Alcalde, o Pleno e a Xunta de Goberno Local. Órganos complementarios: Comisións Informativas e outros órganos.

Tema 5.- As competencias municipais. Os servizos mínimos municipais. A facenda pública.

Parte específica:

Tema 6.- A Prevención de riscos laborais. Equipos de protección persoal. Condicións de seguridade nos lugares de traballo, ferramentas e maquinaria. Primeiros auxilios no caso de accidentes de traballo.

Tema 7.- Coñecemento do Concello de Lousame. Organización municipal e territorial do Concello.

Tema 8.- Mantemento e conservación de vías públicas. Avarías frecuentes e reparación.

Tema 9.- Mantemento e conservación de obras e infraestruturas. Maquinaria. Ferramenta. Reparación.

Tema 10.- Nocións de albanelería, fontanería, carpintería, xardinería e electricidade. Ferramentas. Maquinaria. Materiais. Reparacións.

ANEXO III: FUNCÍONS A DESENVOLVER POLO TRABALLADOR/A LABORAL FIXO

Condución e manexo de vehículos lixeiros e diversa maquinaria de obra pública para levar a cabo as súas funcións.

Labores de oficios especializados: albanelería, fontanería, carpintería, xardinería e electricidade.

Labores de mantemento das instalacións e redes de servizos municipais (vías públicas, sumidoiros, alumeado...).

Labores de mantemento das dependencias municipais e mobiliario urbano.





Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Funcións de tractorista.
Realización dos controis da auga.
Calquera outra relacionada co posto que lle encomende o seu superior xerárquico

Lousame, a 22 de setembro de 2026

Asinado, o Alcalde, Esteban Ares García

